

PREGO DE CONDICIÓN

CAMPIONATOS DE GALICIA

ESTRADA

2021



**FEDERACIÓN
GALEGA DE
CICLISMO**

PREGO DE CONDICIÓN S CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021

PREÁMBULO

Este documento recolle os compromisos adquiridos pola FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO, en diante FGC, cos clubs organizadores dos CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021 e á vez destes ca FGC.

Para regular os dereitos e obrigacións adquiridos polas partes na firma deste documento establécense as seguintes:

CONDICIONS XERAIS

O calendario autonómico galego de ESTRADA, ten o seu máximo punto de interese na disputa dos Campionatos de Galicia.

Os dereitos de organización dos Campionatos en calquera modalidade de ESTRADA que se celebre son propiedade da FGC. A cesión de dereitos para a organización dos Campionatos de Galicia realizarase baixo o formato de convenio de colaboración entre a FGC e as entidades organizadoras.

A FGC establece que sexan os clubs os que soliciten a súa organización e levará a cabo cada ano un proceso de adxudicación, tras a solicitude previa por parte dos interesados na organización do evento.

As datas para a súa celebración son as publicadas no calendario FGC como Campionatos de Galicia Estrada FONDO e CRI (anexo 1)

As normas que regulan a competición son as recollidas na Normativa Técnica FGC, Título II. Probas en Estrada 2021

DEREITOS DO ORGANIZADOR

Son dereitos do organizador os seguintes:

1. O Organizador debe asociar no seu evento, o título CAMPIONATO DE GALICIA, co nome das firmas comerciais que decida nos termos establecidos neste acordo.
2. A denominación da proba será: Campionato de Galicia ESTRADA... 2021 XXX. Sendo XXX o nome da poboación sede ou firma comercial que o organizador/adjudicatario decida.
3. O Organizador pode promocionar ou publicitar o evento a través dos distintos medios informativos, en calquera caso, sempre deberá aparecer a imaxe oficial dos Campionatos de Galicia ESTRADA 2021, cos logotipos da FGC e os da Secretaría Xeral para o Deporte.
4. O Organizador deberá recibir a carta de concesión do Campionato de Galicia solicitado.
5. O acto de presentación do evento realizarase, no seu caso, cando o Organizador considéreo conveniente, sendo o custo do mesmo ao seu cargo. Ao acto deberá ser invitada a Secretaría Xeral para o Deporte e o Presidente da FGC que poderá delegar a súa presenza na persoa que considere oportuna, ao igual que na cerimonia de premiación o día de celebración do campionato.
6. O persoal da FGC están ao dispor do Organizador adjudicatario prestando asesoramento técnico e administrativo para a preparación e desenvolvemento do evento.

OBRIGACIÓN S DO ORGANIZADOR

O Organizador asume baixo a súa enteira responsabilidade a organización directa do evento acordado, comprometéndose a seguir as directrices que estableza a FGC, á cal corresponde o control e supervisión do cumprimento das obrigacións asumidas polo Organizador para a celebración do evento. Para ese efecto, esta designará un representante que actuará de coordinador e interlocutor para o seguimento do adecuado cumprimento do contrato suscrito.

Son obrigacións do Organizador as seguintes:

1. A presentación da solicitude do campionato no prazo oficial establecido pola FGC.
2. A inscrición da proba no calendario da FGC e presentación do regulamento particular conforme ao modelo oficial, dispoñible na zona privada do club organizador.
3. A obtención dos permisos administrativos, públicos, privados e federativos necesarios para a realización da competición, previa solicitude a FGC dos certificados do seguro de accidentes e RC.
4. A edición do dossier/guia técnica da proba, en formato libre que deberá incluír o regulamento particular coa data, horarios, lugar, perfís, categorías e as condicións de inscrición. É convinte que se distribúa, polo menos, con quince días de antelación á celebración do evento.
5. Deseño, impresión e distribución do cartel oficial. No cartel deberán figurar obrigatoriamente na zona superior a imaxe oficial do Campionato de Galicia ca súa cor corporativa, sen modificacións. O deseño do cartel deberá ser obrigatoriamente enviado a FGC para a súa validación antes da publicación polo Organizador.
6. Elaboración do Protocolo Covid-19 particular do evento.
7. Presentación á FGC do formulario Excel de información Covid-19 sobre as condicións de realización da competición que deberá remitir cunha antelación de 15 días a celebración da mesma.
8. Asumir os pagos dos premios económicos, de acordo co reparto establecido nas Obrigas Financeiras 2021 da FGC.
9. Ramos de flores para os primeiros/as clasificados/as de cada categoría do campionato.
10. Trofeos para os tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría
11. A coordinación e contratación do dispositivo de atención sanitaria e evacuación de urxencias (médico de carreira, persoal sanitario, ambulancias etc).
12. Provisión de toma de enerxía eléctrica que garanta o fornezo eléctrico para a alimentación dos equipos informáticos de xestión de inscricións, cronometraxe e megafonía.
13. O Organizador debe prever como mínimo dunha dotación de vehículos para funcións de carreira composta por:
 - Un vehículo de apertura da proba correctamente sinalizado, tal e como marca o regulamento de Seguridade Viaria. Rotativo amarelo, megafonía e cartel anunciador de proba deportiva visible

PREGO DE CONDICIÓN S CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021

- Un vehículo de asistencia neutra con material propio suficiente para asistir aos participantes con material adecuado á categoría que asiste.
 - Un vehículo coche escoba con capacidade suficiente (para polo menos 20 corredores e 20 bicicletas) e dotado de 2 rodas de reposto dianteiras e 2 traseiras cos desenvolvementos adecuados á categoría do campionato que organiza.
 - Varios vehículos para o xurado técnico da proba. Polo menos catro.
 - Un servizo de motos para facer funcións de seguridade dentro da carreira en colaboración coa Garda Civil de Tráfico.
 - Un vehículo para o médico da proba
 - Dúas ambulancias.
 - Acreditacións de vehículos. Todos os vehículos seguidores deberán estar dotados de dúas placas identificativa.
14. O Organizador será o responsable de sinalar de forma regulamentaria todo o percorrido e prever un desvío de vehículos antes da liña de chegada. O material para a sinalización poderá ser proporcionado pola FGC, no caso de que o club non dispoña do mesmo.
15. O Organizador terá bandeiras suficientes para as motos da Garda Civil de Tráfico, en cores amarelo, vermello e verde.
16. O Organizador será o encargado da organización do campionato, por tanto deberá contar co persoal necesario para a elaboración e o bo desenvolvemento do mesmo. En todo caso a FGC podería poñer a disposición do Organizador o persoal técnico do que dispón, sempre que o solicite con tempo suficiente e poidase prever a dispoñibilidade do mesmo.
17. Oficina de carreira, terase habilitado un local situado o máis próximo posible a zona de saída para facer as funcións de oficina permanente. Deberá conter unha zona para a verificación das inscricións e entrega de credenciais. Unha zona privada para o xurado técnico e un local para a reunión do xurado e directores deportivos. O local deberá permanecer aberto o día da proba desde 2 horas antes do inicio da mesma ata o momento de finalizalas actas arbitrais.
18. Sala de control médico. O día da proba deberá ter prevista unha sala acondicionada tal e como marca o regulamento (un aseo e unha pequena zona de recepción) para o control médico a realizar aos participantes na competición. Esta zona non ten por que estar dentro da oficina e pode estar situada en calquera lugar nun radio de 2Km o máis próximo posible a mesma oficina de carreira.
19. Persoal suficiente para a organización da proba composto como mínimo por:
- i. Director de carreira.
 - ii. Condutores de vehículos antes mencionados (xurado técnico, médico, etc.).

PREGO DE CONDICIÓN S CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021

- iii. Médico de carreira.
 - iv. Locutor de radio volta e meta
 - v. Azafata/s
 - vi. Persoal de sinalización do percorrido
 - vii. Persoal de apoio en saída/meta para organizar a saída da proba, colaborar indicando os lugares de aparcadoiro dos vehículos, realizar o desvío dos vehículos na chegada. O resto de tarefas que levan a organización dun evento deste tipo.
20. Serán de obrigado cumprimento todas as disposicións da Normativa Técnica FGC, Título II. Probas en ESTRADA 2021.
21. O organizador adjudicatario será responsable único de calquera sanción económica e/ou disciplinaria que a FGC e/ou o Comité de Competición puidese impoñer á proba, como consecuencia dun incumplimento das normas deportivas que lle fosen de aplicación.

DEREITOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

A FGC se reserva para sí os seguintes dereitos:

- O deseño integro do maillot/camisola de Campión/a de Galicia de cada unha das categorías e todos os seus espazos publicitarios.
- O deseño da cabeceira oficial do cartel do Campionato cos logotipos da FGC e da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Reservarase na zona de saída / meta espazo suficiente para a instalación de pancartas dos patrocinadores comerciais e institucionais cos que a FGC poida manter convenio.
- A invitación ao acto de imposición de maillots de Campión/a é propiedade exclusiva da FGC, podendo no seu caso ceder este total ou parcialmente ao Organizador. Este aspecto comunicárase coa debida antelación para favorecer o protocolo na cerimonia de premiación.
- Co fin de valorar previamente as condicións técnicas, deportivas e de seguridade das distintas probas, o persoal federativo poderá se o considera oportuno, realizar unha visita antes da data fixada para a celebración da proba, onde verificará os aspectos técnicos do circuíto.

OBRIGACIÓN S DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

A Federación Galega de Ciclismo, a fin de colaborar no desenvolvemento e organización do Campionato de Galicia facilitará unha serie de servizos que se compoñerán de:

- Coordinación de todo o referido á elaboración e aprobación do regulamento do campionato, prestando asesoramento técnico e administrativo ao Organizador adxudicatario para a preparación e desenvolvemento do evento. Na data de celebración da proba, o persoal federativo poderá acudir ao evento, para exercer os labores de coordinación, prestar tanta axuda técnica precise tanto o Organizador adxudicatario, como o Xurado Técnico acreditado.

PREGO DE CONDICIÓN S CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021

- Publicitación do CAMPIONATO DE GALICIA ESTRADA 2021 nos seus propios medios, a través da web oficial www.fgalegaciclismo.es e nas súas RRSS.
- Asesoramento, xestión documentación e certificados para permisos coas administración
- Coordinación e asesoramento da presentación de documentación referida ao Protocolo Covid-19
- Dotación de seguros de accidentes e responsabilidade civil
- Facilitar a plataforma web de inscricións
- Asumir o pago das taxas federativa e arbitraje
- Contratación do locutor da proba
- Dotación de sistema de megafonía
- Contratación da produtora TV para a gravación do campionato
- Dotación dos/as maillots de Campión/a de Galicia para os primeiros/as clasificados/as de cada categoría
- Dotación de medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría
- Dotación de dorsais
- Dotación de infraestrutura necesaria para a zona de meta:
 - ✓ Podio para a cerimonia protocolaria de entrega de premios, rotulado cos patrocinadores da FGC e os patrocinadores do evento
 - ✓ Ponte ou tótems de meta rotulados
 - ✓ Valado para a zona de meta (máximo 50-100 valos)
 - ✓ Dúas carpas de 3x3
- Elaboración e publicación da nota de prensa na web www.fgalegaciclismo.es e a súa remisión a demais medios.

Para a aceptación do Prego de Condicións para a organización do Campionato de Galicia de ESTRADA 2021 firman a presente en _____, a _____ de _____ de 2021.

Juan Carlos Muñiz Nieto
Presidente da FGC

Conforme o Organizador
Fdo.



PREGO DE CONDICIÓN CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021

ANEXO 1

CAMPIONATOS DE GALICIA ESTRADA 2021		
<u>DATA</u>	<u>CATEGORÍA</u>	<u>MODALIDADE</u>
18 ABRIL	MÁSTER	CRI
24 ABRIL	FÉMINAS, CADETES, JUNIORS, SUB23,ÉLITE, ADAPTADO	CRI
17 MAIO	ÉLITE-SUB23	FONDO
23 MAIO	MÁSTER	FONDO
10 XULLO	CADETES E FÉMINAS	FONDO
17 XULLO	JUNIOR	FONDO